

3. Atraer con arrolos o pombo ou o rulo á femia. **4.** *v. tr. e pr.* Bamber ou bambeare.

arrolar² *v. tr.* **1.** Mover algo botándose a rolos. **2.** *v. i.* Moverse, dando voltas sobre si mesmo. ♦ *Sin. rolar.*

arrollar *v. tr.* **1.** Establecer unha orde entre varios para facer, recibir ou usar algo. *Sin. atenzar, aveceirar.* **2.** *v. pr.* Alternarse varias persoas para facer, recibir ou usar algo. ♦ *Sin. aquendar(se), roldar(se).*

arrombar *v. tr.* **1.** Desbotar, poñer ou deixar a un lado alguén ou algo que estorban. *Sin. arrimar.* **2.** Poñer en orde. *Sin. acomodar, amañar, colocar, gobernar, ordenar.* **3.** *v. i.* Facer vulto. *Sin. avultar.* ♦ *Sin. arrumbar.*

arroter *v. i.* **V. eructar.**

arroteo *m.* **V. eructo.**

arroupar *v. tr. e pr.* **1.** Cubrir e abrigar, ou cubrirse e abrigarse, con roupa. *Sin. abrigar(se).* **2.** *v. tr.* Proporcionar defensa e protección a alguén.

arrouxada *f.* **1.** Arranque violento e impulsivo. **2.** Impulso que nos leva a actuar sen control. ♦ *Sin. arrautada, arrebatado, arrouto, rauteo.*

arroutado *-a adx. e s.* (Dise de) quen fai as cousas sen pensar, por arroutadas ou reaccións bruscas.

arroz *m.* **1.** Planta de talo oco, follas alongadas, ásperas nos bordos, flores en espiga terminal, estreita e longa, ten por froito un gran fariñado e branco que se consome cocido. **2.** Ese gran.

arruinar *v. tr. e pr.* **1.** Facer perder, ou perder, os bens. **2.** Causar, ou padecer, un grave dano. *Sin. devastar; desba-*

ratar, desgraciar, estragar. **3.** Converter, ou converterse, en ruínas.

arte *f.* **1.** Obra ou actividade humana a través da cal as persoas poden expresar o inmateral, crear beleza e suscitar emocións. Vinculada á maxia e á relixión nas súas orixes, ao longo da historia, especialmente a partir do Renacemento, foise despoñendo do carácter sagrado. **2.** Conxunto de obras artísticas dun país, unha época, un estilo, un autor etc. **3.** Habilidade, maña ou destreza con que se fai unha cousa. **4.** Cautela, astucia na maneira de actuar unha persoa. **5.** Conxunto de preceptos e regras para facer ben unha cousa determinada. **6.** Cada un dos aparellos de pesca. **7.** *pl.* Recurso(s) co(s) que se quere conseguir algunha cousa por medio da habilidade e da ocultación dos últimos e verdadeiros fins. *Sin. artimaña, astucia, estratexema, maña.*

artefacto *m.* **1.** Dispositivo mecánico, máquina, aparello. **2.** *fig.* Armatoste, en sentido pexorativo.

arteiro *-a adx.* **1.** Persoa hábil, mañosa. *Sin. habelencioso.* **2.** Persoa que actúa con mala intención e astucia. *Sin. raposeiro, astuto, cazurro.*

artello *m.* **1.** Lugar en que se unen os ósos dos dedos entre si, os da perna co pé e os do brazo coa man. **2.** Cada unha das pezas articuladas dos apéndices dos artrópodos.

arteria *f.* **1.** Cada un dos vasos que levan o sangue desde o corazón á demais partes do corpo. **2.** *fig.* Rúa dunha poboación na que desembocan

moitas outras, ou vía de comunicación importante.

artesa *f.* **1.** Caixón cuadrilongo e con patas, de madeira, máis estreito polo fondo, para amasar, gardar cousas ou outros usos. *Sin. maseira.* **2.** Val de fondo plano e vertentes pinas, especialmente o de orixe glacial.

artesán *-á adx.* **1.** Pertencente ou relativo á artesanía. **2.** Elaborado seguindo algún proceso da artesanía. *Sin. artesanal.* **3.** *s.* Persoa que exerce unha arte ou oficio manual, con pouca intervención de maquinaria e certa creatividade.

articulación *f.* **1.** Acción e efecto de articular ou articularse. **2.** Unión móbil de dúas pezas ou partes dunha máquina ou instrumento. *Sin. xoga, xogo, xunta, xuntura.* **3.** Zona de unión entre dos ou máis ósos, xeralmente móbil, como é o ombreiro ou o cóbado. *Sin. xoga, xogo, xunta, xuntura.* **4.** *Fonét.* Acción de se posicionaren e moveren os órganos da voz para a pronunciación dun son vocálico ou consonántico. *Sin. pronuncia, pronunciación.* **5.** Pronunciación clara e distinta das palabras.

articular *v. tr. e pr.* **1.** Unir ou unirse en forma funcional ou con mobilidade. **2.** Colocar os órganos da voz na forma que require a pronunciación de cada son. *Sin. pronunciar.* **3.** Pronunciar as palabras clara e distintamente. **4.** *Der.* Propoñer medios de proba ou preguntas para os litigantes ou as testemuñas. **5.** *adx.* Pertencente ás articulacións.

artificial *adx.* **1.** Feito pola man dunha persoa. *Ant. natural.* **2.** Non natural, falso.

artigo *m.* **1.** *Gram.* Morfema independente e determinante que acompaña a nomes e palabras, con función substantiva, para indicar o seu xénero, número e a extensión en que han de tomarse. **2.** Cada unha das divisións dun dicionario correspondentes a unha palabra. **3.** Cada unha das disposicións numeradas dun tratado, lei, regulamento etc. **4.** Escrito de certa extensión e importancia publicado nun xornal ou outras publicacións análogas. **5.** Mercancía, cousa con que se comercia. **Segundas formas do artigo** Son as formas *la, lo, las e los* (alomorfos de *a, o, as e os* ou primeiras formas), que seguen aos infinitivos e ás formas verbais conxugadas que acaban en *-r* ou *-s* (*beber a cervexa, e-lo demo*), aos pronomes enclíticos *nos, vos, lles* (*colléronno-lo coche, víronlle-lo piso*), aos pronomes tónicos *nós e vós* seguidos dunha precisión numérica (*nó-los dous*), *a ambos, ambas, entrambos, entrambas, todos e todas* (*velat os van: tódolos amigos de ámbolos dous*), ás preposicións *por e tras* (*pola rúa, tras a casa*), á conxunción copulativa e máis (*un e máis o outro*) e ao adverbio *u* (*u-lo libro?*).

artillería ou **artillería** *f.* **1.** Arte da construción e manexo de armas, máquinas e municións de guerra. **2.** Conxunto de canóns, morteiros, mísiles etc. dunha praza, exército ou buque. **3.** Corpo militar destinado a este servizo.

artista *s.* **1.** Persoa que cultiva algunha das belas artes ou está dotada para isto. **2.** Persoa que actúa profesionalmente

nun espectáculo teatral, cinematográfico, circense etc. **3. col.** Protagonista dunha obra cinematográfica. **4.** Persoa que realiza algún traballo ou actividade con perfección. **5.** Persoa dotada de maña para lograr algo.

artístico -a *adx.* **1.** Relativo ás belas artes. **2.** Executado con arte.

arume *m.* Folla de piñeiro. *Sin. frouma, lesta, rama, pico.*

arxila *f.* Rocha sedimentaria detrítica composta basicamente por silicato aluminico hidratado. Adquire gran plasticidade coa auga, e gran dureza ao cocela a elevada temperatura. Empreguese desde tempos remotos para fabricar pezas de olaría e cerámica.

as *pl. fl.* **1.** Artigo determinado. *Estas son as cousas que ten a vida.* **2.** Pronome persoal. *Xa as viches?*

ás¹ *m.* **1.** Antiga moeda romana de bronce. **2.** Naípe da baralla que leva o número un. **3.** Nos dados, a cara que ten un só punto. **4. fig.** Campión, persoa que sobranceira nun deporte, oficio etc.

ás² Contracción de *a* (preposición) e *as* (artigo).

asa *f.* Parte que sobreesa dun obxecto e que serve para asilo.

asaltar *v. tr.* **1.** Atacar unha praza ou fortaleza para apoderarse dela. **2.** Acometer repetidamente e por sorpresa. *Sin. atracar.* **3.** Penetrar nun lugar para roubar. *Sin. atracar.* **4. fig.** Aparecer de pronto unha idea, unha enfermidade etc. **5. fig.** Abordar a alguén de súpeto.

asalto *m.* **1.** Feito e resultado de asaltar. *Sin. atraco.* **2.** Toma e ocupación dun lugar. **3.** Roubo a man armada.

Sin. atraco. **4.** Cada unha das partes de tres minutos en que se divide un combate de boxeo.

asar *v. tr. e pr.* **1.** Cocinar ou cocifñarse un alimento directamente ao lume ou á calor, polo regular no forno. **2. fig.** Causar ou sentir extremada calor.

asasinar *v. tr.* **1.** Matar a unha persoa intencionadamente, con alvosia, premeditación ou por diñeiro. **2. fig.** Causar aflicción ou grandes disgustos. *Cf. matar.*

asasinato *m.* Homicidio con circunstancias agravantes. *Cf. crime, homicidio.*

asasino -a *adx. e s.* **1.** Que, ou quen, asasinou (*persoa asasina*), ou co que se asasinou (*arma asasina*). **2. adx. fig.** Que fai padecer moito, con xenreira e odio. *Mirada asasina.* ♦ *Sin. criminal.*

ascender *v. i.* **1.** Pasar ou chegar a un lugar máis alto. **2.** Ir de abaixo a arriba, ou dun lugar a outro máis alto. *Sin. elevarse.* *Ant. descender.* **3.** Facerse maior unha cousa que se poida medir, como a temperatura. *Sin. aumentar, elevarse, subir.* *Ant. baixar, descender.* **4.** Chegar unha conta a certa cantidade. **5. fig.** Prosperar nun emprego ou categoría. **6. v. tr.** Dar ou conceder un ascenso. *Sin. promover.* *Ant. degradar, rebaixar.* **7.** Percorrer unha distancia desde abaixo a arriba. *Sin. subir.* *Ant. baixar, descender.*

ascenso *m.* **1.** Acción e efecto de ascender. *Sin. aumento, suba, subida.* *Ant. baixada.* **2. fig.** Mellora ou promoción nunha dignidade ou emprego. *Sin. promoción.* *Ant. degradación.* ♦ *Ant. descenso.* *Cf. ascensión.*

ascensor *m.* **1.** Aparello consistente nunha caixa que se despraza verticalmente para transportar persoas ás diversas plantas ou pisos dun edificio. **2.** Montacargas.

asear *v. tr. e pr.* Amañar, lavar ou adornar: algunha cousa, a alguén ou un mesmo.

asediar *v. tr.* **1.** Cercar un lugar, illando aos que están nel. *Sin. cercar.* *Ant. desbloquear.* **2. fig.** Importunar a un sen descanso. *Sin. acosar.*

asedio *m.* Acción de asediar. *Sin. cerco.* *Cf. bloqueo.*

asegurar *v. tr.* **1.** Fixar solidamente unha cousa. *Sin. afirmar, fincar, suxeitar.* **2.** Afirmar ou soste con seguridade algo. *Sin. afirmar, aseverar.* **3.** Garantir con hipoteca ou peñor o cumprimento dunha obriga. **4. v. tr. e pr.** Tranquilizar, infundir confianza. **5.** Preservar de dano a persoas ou cousas. **6. v. pr.** Concertar ou contratar un seguro. **7.** Obter a seguridade de, ou sobre, algunha cousa.

asemade *adv. t.* ao mesmo tempo. *Sin. simultaneamente.*

asamblea *f.* **1.** Reunión numerosa de persoas convocadas para un fin. **2.** Corpo político e deliberante. **3.** Lugar onde se reúne este órgano. **4.** Órgano reitor ou consultivo dun club, asociación etc.

asemellar *v. tr.* **1.** Facer unha cousa con semellanza a outra, ou facer que unha cousa se pareza máis a outra. **2.** Ter a aparencia ou dar a impresión de algo. *Con esas maneiras mesmo asemellas un executivo.* **3. v. i. e pr.** Ter ou mostrar semellanza, parecido. *Sin. parecerse, semellarse.*

asentamento *m.* **1.** Feito e resultado de asentar ou asentarse. **2.** Lugar onde se establece alguén ou algo. **3.** Instalación de colonos, emigrantes etc., xeralmente de carácter provisional. **4. fig.** Xuízo, cordura, sentido común. *Sin. asento, siso, xuízo.*

asentir *v. i.* Admitir algo como certo ou conveniente, mostrarse conforme. *Cf. coincidir, convir.*

asento *m.* **1.** Calquera mobile destinado a sentar nel, ou obxecto ou superficie en que alguén pode sentar. **2.** A parte destes mobiles sobre a que se senta. **3.** Sitio en que está ou estivo situado unha poboación, un edificio etc. **4.** Localidade nos espectáculos públicos. **5.** Lugar que ocupa unha persoa sentada. *Sin. praza.* **6.** Parte dunha cousa por onde esta se asenta noutra. **7.** Lugar onde se asenta unha cousa. **8. V. pouso.** **9.** Parada que se fai nunha actividade. *Sin. acougo, repouso.* **10.** Anotación nunha conta ou rexistro. **11. fig. V. asentamento.** **12. fig.** Estabilidade e orde.

aseo *m.* **1.** Limpeza, pulcritude. **2.** Cuarto de baño.

asexar *v. tr.* Mirar ou observar con moita atención sen deixarse ver. *Sin. abesullar, agaitar, alucar, asalar, aseitar, axexar, espiar, espreitar, osmar.*

asexo *m.* **1.** Feito e resultado de asexar. *Sin. esculca, espreita.* **2.** Tempo de pesca entre o solpor e a noite. ♦ *Sin. axexo.* • **Ao asexo** Á espreita, á esculca.

asfalto *m.* **1.** Hidrocarburo, natural ou artificial, que se obtén por destilación de certos petróleos crus. Úsase en pavimentación e para recubrimentos.